



RESOLUCIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA POLA QUE ANUNCIA A LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE SUBASTA DE CONCESIÓNS DEMANIAIS PARA A EXPLOTACIÓN DE POSTOS DE VENDA VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DA AVENIDA DE BOS AIRES.

1) Entidade adxudicadora: Concello de Pontevedra, Michelena 30, 36071 Pontevedra. Organo de contratación: Xunta de Goberno Local.

2) Obxecto: Licitación pública das concesións demaniais para o uso privativo dos postos vacantes no Mercado Municipal de abastos da Avenida de Bos Aires.

3) Tramitación: Ordinaria, procedemento aberto e subasta.

4) Cánon da concesión: Variable segundo o tipo de postos aos que se opte, recollido na cláusula 3ª do prego de condicións.

5) Garantía Provisional: cláusula 5ª do prego, non se prevee a súa constitución. Definitiva: Cláusula 13,1,c do prego.

6) Obtención de información: Perfil do contratante na web do Concello de Pontevedra www.pontevedra.eu, Administración Municipal de Mercados. Avda. De Bos Aires s/n. Pontevedra 36002 Tlf.: 986 851 804.

7) Presentación de ofertas: 30 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no último dos boletíns nos que aparezan (DOG e BOP). Lugar: Rexistro Xeral do Concello (horario de 9 a 13:30 horas).

8) Documentación: cláusula 8 do prego.

9) Apertura das ofertas: cláusulas 11 e 12 do prego.

Coa publicación do presente anuncio procédese a apertura dun novo prazo para a licitación e presentación de ofertas polos interesados. Durante este mesmo prazo os licitadores que xa tiveran presentado ofertas, poderán retiralas, se así o desexan, á vista da redacción final dos pregos. Estimarase que as ofertas que non sexan retiradas no devandito prazo seguen vixentes a efectos de participar no procedemento de adxudicación.

Pontevedra, 27 de novembro de 2013

O ALCALDE,

O SECRETARIO DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL,

Miguel A. Fernández Lores

José Carlos Castiñeira Piñeiro